



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN
Y FORMACIÓN PROFESIONAL



INSTITUTO NACIONAL DE
TECNOLOGÍAS EDUCATIVAS Y DE
FORMACIÓN DEL PROFESORADO



MINISTERIO
DE HACIENDA
Y FUNCIÓN PÚBLICA

Educación en **GOBERNO ABERTO** para Bacharelato

EN LECTURA FÁCIL



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de Recuperación,
Transformación
y Resiliencia

Título: Guía didáctica gobierno abierto Bacharelato. Lectura fácil

Documento Accesible

Publicación del programa de publicaciones del
Ministerio de Hacienda y Función Pública

Hecho por:
© Ministerio de Hacienda y Función Pública.
2021

Códigos para encontrar el documento original del Gobierno

NIPO: 277-21-036-1 (papel)
NIPO: 277-21-037-7 (en línea, pdf.)



Guía didáctica sobre o Goberno Aberto

Bacharelato

Guía didáctica sobre o Goberno Aberto.....	4
Por que facemos esta guía?.....	6
Quen escribiu esta guía?.....	7
Obxectivos da guía	8
Que é o Plan do Goberno aberto de España?	9
O Goberno aberto no sistema educativo.....	10
O Goberno e a Administración pública.....	12
Que é o Goberno aberto?.....	13
Contexto e evolución	14
Un marco conceptual común.....	17
Os valores do Goberno aberto	19
Os tres piares do Goberno aberto.....	21
A transparencia e a responsabilidade das contas.....	22
O Portal de Transparencia.....	23
A participación cidadá	28
Como participamos?	29
A colaboración.....	33
A co-creación	34

Os datos abertos.....	35
As redes sociais.....	37
Resumo	40
Exercicios	41
Xa temos un instituto aberto.E agora que facemos?.....	47
Enderezos de interese para saber máis sobre o Goberno Aberto	48
Portais con datos abertos para todos	50
Portais con consellos e información sobre a transparencia	50
Publicacións sobre o Goberno Aberto: estudos, análises e guías	52
Glosario	53

Por que facemos esta guía?

Porque o concepto de **Goberno aberto** cada día está máis presente nas noticias, nos discursos políticos, nos traballos académicos, nas redes sociais, etc.

É unha nova forma de entender o goberno dos asuntos colectivos que involucra tanto os responsables políticos coma a toda a cidadanía.

A orixe do concepto Goberno aberto remóntase ao século 18, en Suecia. Máis tarde, vólvese falar da presentación do Memorando para a transparencia e o Goberno aberto do ano 2009, a primeira medida adoptada polo presidente Barack Obama nos Estados Unidos.

Os gobernos e as administracións públicas de todo o mundo queren ser cada vez máis transparentes, máis accesibles e máis sensíbeis nas solicitudes e nas necesidades da cidadanía para conseguir un goberno democrático, unha maior cohesión social e un desenvolvemento económico próspero.

Esta guía nace como unha ferramenta do Plan do Goberno aberto de España. Dunha banda, quere achegar o alumnado e o profesorado de Bacharelato aos valores e principios do Goberno aberto, que son: a transparencia, a participación e a colaboración. Quéreos facer partícipes do proceso que comparten moitos países do mundo.

Doutra banda, a guía tamén quere colaborar na construción dun Estado máis aberto e responsable, cunha cidadanía exixente coas accións dos responsables políticos, das asembleas lexislativas, dos xuíces e das persoas que xestionan bens e servizos públicos.

Para acabar, a guía quere que o alumnado de Bacharelato adquira a Competencia Social e Cidadá, imprescindible para o seu desenvolvemento persoal, social e profesional. Dálles ferramentas para que se incorporen á sociedade coa responsabilidade e coñecemento sobre a participación no sistema democrático.

Quen escribiu esta guía?

Esta Guía escribírona dous investigadores:
J. Ignacio Criado e Vicente Pastor.



J. Ignacio Criado

É profesor na Universidade Autónoma de Madrid e director do Laboratorio de Goberno para a Innovación Pública.

O seu nome en Twitter é: @jicriado



Vicente Pastor

É investigador na Universidade Autónoma de Madrid e o Laboratorio de Goberno para a Innovación Pública.

O seu nome en Twitter é: @vipaspa

Adaptación á Lectura Fácil:
Asociación Lectura Fácil



Obxectivos da guía

- Impulsar o coñecemento do Goberno e da Administración pública.
- Xerar no alumnado unha consciencia cívica baseada nos principios do Goberno aberto que benefician á sociedade.
- Compartir o marco conceptual común do Goberno aberto na escala internacional, e abrialle a porta ao debate.
- Fomentar o exercicio da cidadanía democrática e a transparencia.
- Dar a coñecer boas prácticas de implementación e práctica de políticas do Goberno aberto.

Que é o Plan do Goberno aberto de España?

Consulta este Plan de acción na ligazón:

https://transparencia.gob.es/transparencia/transparencia_Home/index/Gobierno-abierto/planes-accion.html

Busca como se estrutura o Plan, que obxectivos e características ten, e os ámbitos en que se actúa.

Estes ámbitos concrétanse en compromisos.

Verás que un dos compromisos propostos é a elaboración desta guía, para a formación sobre o Goberno aberto.

Doutra banda, a Alianza para o Goberno Aberto é unha iniciativa do 2011 que suma máis de 70 países participantes para promover a transparencia e a participación cidadá.

España é membro da Alianza para o Goberno Aberto, o que quere dicir que fixo unha Declaración de Goberno Aberto:

<https://www.opengovpartnership.org/declaracion-de-gobierno-abierto/>

Consulta a Declaración do Goberno aberto

e comenta cos teus compañeiros e compañeiras se coñeces algunha declaración similar emitida por algunha institución.

Despois, en grupos, elaborade unha declaración do Goberno aberto adaptada ás circunstancias do voso instituto e cos obxectivos para mellorar o voso entorno.



O Goberno aberto no sistema educativo

Se queremos ampliar a participación e o compromiso cidadán, é dicir, o Goberno aberto, temos que comezar desde o ámbito educativo. Para levalo a cabo, hai que facilitar o diálogo, incorporar novas prácticas e relacionarnos coa igualdade entre todas as persoas. Ti tamén podes facer Goberno Aberto!

Podemos achegar o Goberno aberto no sistema educativo

- Nas aulas:
 - Fomentando a participación nos procesos electorais internos
 - Publicando información sobre o número de alumnos por curso, a planificación das clases e actividades, etc.
 - Promovendo a toma de decisións de forma colaborativa entre o alumnado
 - Analizando os procedementos da toma de decisións do Consello escolar e publicando os acordos.
- Na vida diaria:
 - Xerando unha consciencia cívica baseada nos valores do Goberno aberto
 - Achegando o coñecemento do Goberno e da Administración ao alumnado.

Exemplo 1 de Goberno aberto no instituto:

Pedídelles ao/a profesor/a o número de alumnos que superaron os exames finais durante os últimos cinco anos. Coidado! Sen descubrir os datos persoais de ninguén, xa que iso está prohibido pola lei. Se o/a profesor/a che facilita esta información facemos transparente a actividade dunha persoa (o/a profesor/a) que traballa para a Administración pública (o voso instituto).

Exemplo 2 de Goberno aberto no instituto:

Consideraches algunha vez presentarte ás eleccións para formar parte do Consello escolar do instituto? Podes crear un grupo nunha plataforma social en que se inclúa toda o alumnado do instituto e que permita a colaboración á hora de compartir información sobre todos aqueles asuntos que se tratan nas reunións do Consello: as clases, os horarios e o regulamento do centre ou calquera outra cuestión.



O Goberno e a Administración pública

O **Goberno** é un órgano que existe por orde da Constitución Española e ten carácter político.

Está formado por unha persoa que exerce a Presidencia

e un número variable de persoas que se encargan dos ministerios.

Os ministerios créanse en cada período ou lexislatura (cada catro anos).

Tamén hai gobernos en cada Comunidade Autónoma.

A **Administración pública** é un conxunto de órganos permanentes que serven á obxectividade dos intereses xerais de todos e actúan de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, sempre de acordo coa lei. Atopamos a Administración pública a nivel estatal, autonómico e local.

O poder executivo é a suma do Goberno e da Administración pública.

O poder executivo aplica e executa as leis que se aproban no Parlamento.


O concepto de Goberno aberto desta Guía engloba os dous órganos do poder executivo.

Na imaxe podes comprobar que os poderes executivo, lexislativo e xudicial forman parte do Estado aberto.

Nesta Guía limitámonos ao concepto de Goberno aberto

que comprende o Goberno e a Administración pública aberta,

pero non perdas de vista a conexión que teñen cos outros poderes do Estado e co conxunto da sociedade.



Que é o Goberno aberto?

O Goberno aberto é un modelo de goberno que promove

- a transparencia da actuación do Goberno e da Administración pública
- a participación da cidadanía
- a colaboración cos outros actores.

Comenta a definición seguinte co/coa profesor/a e co resto da clase:

O Goberno aberto é unha forma de interacción socio-política, baseada na transparencia, na responsabilidade das contas, na participación e na colaboración.

É unha forma de gobernar máis dialogante, con máis equilibrio entre o poder dos gobernos e dos gobernantes, e ao mesmo tempo, recoñécelle á cidadanía un papel corresponsable. A finalidade é: mellorar a toma de decisións e implicar os cidadáns na xestión dos asuntos públicos aumentando o coñecemento e poñendo en marcha a innovación pública.

Fonte: Definición colaborativa. Debate na rede social NovaGob.



No Goberno aberto, traballamos conxuntamente:

- o equipo de representantes que os cidadáns escollemos nas eleccións
- as persoas que traballan na Administración pública,
- o resto da cidadanía.

Por iso, a cidadanía, ti, os teus compañeiros e as túas compañeiras, a familia, as amizades, temos que implicarnos no día a día o Goberno aberto.

Contexto e evolución

O termo Goberno aberto aparece no século 20.

Facía referencia á vontade de aumentar a transparencia da actuación do Goberno e da Administración pública, implicando a cidadanía no control e na avaliación do funcionamento.

Agora recuperamos a idea do Goberno aberto por diversos motivo:

- Unha actitude crecente a favor da cultura da transparencia
- Un aumento dos problemas de corrupción e mal uso dos recursos públicos, que teñen máis espazo nos medios de comunicación
- A difusión dunha cultura participativa nun mundo cada vez máis conectado
- A necesidade dun Goberno e da Administración pública de colaborar con máis actores para solucionar problemas sociais complexos
- A aparición de novas formas de comunicación baseadas nas novas tecnoloxías
- O desenvolvemento dunha sociedade rede a nivel mundial, sobre todo grazas ao uso das redes sociais e das tecnoloxías da web 2.0.

Os ordenadores, os teléfonos móbiles ou as táboas están transformando a forma que temos de estudar ou de traballar, e permítennos facer máis actividades a través destas redes de comunicación, como poden ser:

- participar nun debate entre amigos ou pais e nais nunha canle de Whatsapp
- contribuír a mellorar a aldea ou a cidade onde vivimos a través de Twitter ou Instagram
- obter información sobre o que fan os representantes políticos do noso concello nun portal de transparencia.

E todo isto desde calquera lugar a través dun dispositivo conectado a Internet!

A Galipedia

Algunha vez fixeches unha busca ou colaboraches?

A Galipedia é a enciclopedia de coñecemento máis grande que existiu en toda a historia da Humanidade.

Podes atopar máis de 45 millóns de artigos en 300 linguas diferentes e elaborados co esforzo de persoas voluntarias de diversos lugares no mundo.

Localiza a definición do Goberno aberto na Galipedia e afonda máis no tema.

Doutra banda, tamén podes colaborar no desenvolvemento da Galipedia.

Podes elaborar novos artigos ou mellorar os que xa hai.


Para facelo, consulta o artigo que describa os datos do teu municipio e engade os datos que pensas que faltan.

Crea un apartado de “Educación”

e describe o número de institutos e a súa historia.

Convida aos alumnos doutros institutos para que colaboren.

É a mellor forma de xerar o mellor contido!



Imaxe da Web de Wiquipedia:

Gobierno abierto: https://es.wikipedia.org/wiki/Gobierno_abierto

Un marco conceptual común

O Goberno aberto tamén se pode conseguir sen a tecnoloxía. Isto depende da nosa actitude coma cidadáns e cidadás, da nosa capacidade para involucrarnos nos asuntos comúns da sociedade e de entender que podemos axudar os nosos representantes políticos coas opinións e accións sobre os temas que afectan ás nosas vidas. Para que un Goberno e a Administración pública sexan abertos deben cumprir as condicións seguintes:

- Utilizan as canles de comunicación directa en que xa participa a cidadanía.
- Publican nos portais web toda a información xestionada cos fondos públicos, nun formato que nos facilita a reutilización (datos abertos).
- Habilitan instrumentos para a participación directa da cidadanía, de profesionais propios e doutras organizacións nos asuntos públicos.
- Fomentan a colaboración con outros gobernos e administracións públicas, así coma organizacións da sociedade civil (empresas e ONGs), para a solución dos problemas sociais.

Actividade

Imaxínade unha nube de palabras sobre o Goberno aberto:
transparencia, participación, colaboración, datos abertos, integridade pública,
intelixencia colectiva, responsabilidade compartida, reutilización dos datos
públicos,
valor público, etc.

Agora organizádevos en grupos de 3 ou 4 persoas
e escollede unha destas dúas opcións:

- 1 Crear un mapa mental cos conceptos que traballamos con relación ao Goberno Aberto.
- 2 Seleccionar un destes conceptos (transparencia, participación, colaboración) e elaborar un póster dixital en que explicades o concepto de forma visual



Os valores do Goberno aberto

- **Abertura**

Evitar ocultar as accións que o Goberno leve a cabo e as consecuencias que poden ter para outras persoas.

- **Confianza mutua**

Crer no Goberno e na Administración pública da mesma forma que eles cren na cidadanía.

- **Cooperación**

Promover accións colaborativas con outras persoas e organizacións para conseguir mellores resultados que se actuamos de xeito individual ou illado.

- **Inclusividade**

Rexeitar as accións que exclúan a grupos de persoas por razóns socioeconómicas, de xénero, etnia, relixión, de ideas políticas ou por ter algún tipo de discapacidade física ou intelectual.

- **Integridade**

Actuar sempre con rectitude, lealdade, honestidade, imparcialidade e boa fe.

- **Innovación**

Ser capaz de desenvolver novos xeitos de facer as cousas e de explorar formas alternativas de pensar.

Beneficios para a sociedade

O desenvolvemento do Goberno aberto xera beneficios que lle afectan ao conxunto da cidadanía e, polo tanto, tamén che afectan a ti:

- Aumenta a consciencia e o control da cidadanía nas cuestións públicas
- Amplía a capacidade de influencia na toma de decisións políticas
- Facilita o intercambio de experiencias, opinións e coñecementos a través do uso das redes sociais dixitais
- Mellora a colaboración entre a sociedade e a Administración a través do intercambio de coñecementos
- Facilita a inclusión de temas na axenda pública
- Fomenta actitudes máis participativas e máis implicación nas accións do Goberno e da Administración pública.

Beneficios políticos do Goberno aberto:

- Outorga unha maior calidade na democracia
- Facilita a rendición de contas
- Promove a participación e a colaboración cidadá
- Abre as portas da Administración pública a través da implantación de medidas de transparencia
- Restaura a confianza da cidadanía nas institucións democráticas
- Fortalece o Estado de Dereito
- Mellora a eficiencia da Administración pública

Finalmente, os beneficios económicos afectan ao conxunto da sociedade, xa que o Goberno aberto contribúe a xerar unha mellora da economía:

- Reduce a corrupción no ámbito público
- Elimina as asimetrías de información entre os gobernantes e os gobernados, que contribúe para achegar a cidadanía á Administración pública
- Foméntanse as condutas responsables e limitan as actitudes e as actuacións incorrectas
- Aumenta a seguridade xurídica e, como resultado, foméntase o investimento

Os tres piares do Goberno aberto

Estes piares son: a transparencia, a participación e a colaboración.

A **transparencia** no Goberno e na Administración pública é a abertura de todas as súas accións para que a cidadanía poida acceder á información que publican.

A **participación** cidadá é o proceso co que as persoas nos implicamos no deseño, na xestión e na implantación das políticas públicas, cunha actitude centrada en formar parte.

A **colaboración** é o traballo conxunto dun Goberno e da Administración pública cos outros gobernos e administracións públicas, co sector privado ou coa sociedade civil, para definir políticas públicas e mellorar os servizos públicos.

A transparencia e a responsabilidade das contas

A **transparencia** é un conxunto de accións
Que lle permiten á cidadanía coñecer a información
que o Goberno e a Administración pública publican.
Deben garantir o dereito de acceso á información que solicite unha persoa
ou un organismo.

A **responsabilidade das contas** é a obriga dun Goberno e da Administración
pública
de darlle explicacións sobre as súas accións e asumir a responsabilidade.

Transparencia e responsabilidade das contas van xuntas:
para poder exixirle a un Goberno e á Administración pública que sexan
responsables
de todo aquilo que fan e das decisións que adoptan
é necesario que a cidadanía poidamos acceder a todos os datos que teñen.

A metáfora das paredes de vidro



A transparencia é a forma que ten á cidadanía de coñecer o que fai o Goberno
e a Administración pública, así coma as decisións que toman.

Isto denomínase ter as paredes de vidro.
Imaxina que o edificio do teu Concello ten as paredes de vidro,
transparentes, e que podes ver todo o que pasa.

As paredes de vidro axudaríannos na responsabilidade das contas,
porque poderíamos exixir responsabilidades en caso dun mal uso
dos recursos públicos,
por exemplo.

O Portal de Transparencia

A Lei de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno é do 2013 e contémplase:

- a publicidade activa a través dos portais web das administracións
- o dereito de acceso á información por parte da cidadanía.

Dunha banda, a **publicidade activa** é a obriga de publicar certas informacións e datos nos portais de transparencia da Administración pública. Esta información precisa ser actualizada de forma periódica.

O **dereito de acceso á información** é a capacidade que temos os cidadáns e cidadás para solicitar calquera información que queiramos obter do Goberno e da Administración pública.

Unha ferramenta de transparencia é o **portal de transparencia**, que é unha páxina web que contén toda a información que a Administración pon a disposición da cidadanía. Esta información pode ser:

- os presupostos das administracións públicas
- os soldos dos outros cargos da Administración pública
- os catálogos de bens
- os contractos
- as subvencións
- os convenios coas outras administracións públicas ou entidades...

O Portal de Transparencia do Goberno de España ten máis de 1,5 millóns de rexistros accesibles.

Tamén hai un portal de transparencia en cada comunidade autónoma e nas administracións locais.

Actividade

Vai ao Portal de Transparencia do Goberno de España nesta ligazón:
http://transparencia.gob.es/transparencia/transparencia_Home/index.html
Busca o salario dos altos cargos.

Agora compara a axenda do día de algún alto cargo coa súa actividade nas redes sociais.

A información pendurada na axenda do Portal é completa?

Os portais de transparencia están organizados en diversas seccións:

- Información **institucional**, relativa ao goberno da institución
- Información **normativa**, coa lexislación relativa á Administración
- Información **económica**, cos orzamentos.



Como exercemos o noso Dereito de acceso?

Podería pasar que a información concreta que nos interesa non estea dispoñible no portal de transparencia, como por exemplo as notas medias das probas de acceso á universidade obtidas nos institutos de cada comunidade autónoma. A publicación destes datos non é obrigatoria, pero algunhas comunidades autónomas solicitárono e as administracións autonómicas publicaron estas notas.



Actividade

Ao final desta guía hai as ligazóns nos portais de transparencia de todas as comunidades autónomas.

Escolle o portal de transparencia da túa comunidade e busca as notas medias das probas de acceso na universidade de todos os institutos da comunidade autónoma.

Se esta información non está publicada, exerce o teu dereito e solicítala no portal de transparencia.

A Administración ten 30 días para responderche e facilitarche esta información.

E se a Administración non che responde, podes presentar un recurso no **Consello de Transparencia e Bo Goberno** competente.

É o órgano que se encarga de velar pola transparencia da Administración pública en España, e de resolver este tipo de situacións.

Recordamos que non todos os datos son públicos
nin todos se lle poden facilitar a quen os solicite.

Hai certos temas sensibles que non os podemos publicar.

O artigo 14 da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información
Pública e Bo Goberno establece que as administracións públicas e os gobernos
non poden facilitar información cando esta poida prexudicar:

- a seguridade nacional
- os intereses económicos e comerciais
- o segredo profesional e a propiedade intelectual e industrial
- a garantía da confidencialidade ou o segredo necesario nas decisións
- a protección do medio ambiente...

A participación cidadá

A participación cidadá quere implicar o conxunto da cidadanía nas accións e as decisións que nos afectan.

Antes, entendíase que o deseño e o desenvolvemento das accións públicas relacionadas coa educación, o deporte, as bibliotecas, o transporte público ou os parques e xardíns era unha responsabilidade exclusiva dos representantes políticos.

Hoxe, a participación no Goberno aberto significa que todos participemos nas accións e decisións do Goberno e da Administración pública.

A educación, a sanidade, o transporte ou o medio ambiente son temas que lle afectan ao conxunto da cidadanía.

Coa participación da cidadanía reforzase a nosa posición activa na xestión dos asuntos públicos.



Como participamos?

A forma de participación máis coñecida é o voto nas eleccións.
Agora ben, no Goberno aberto a participación vai moito máis aló.

Por exemplo, para que o Goberno aprobe unha modificación da lei para suprimir os materiais de plástico pódese participar facéndolle unha solicitude.

Ou podemos facer unha consulta cidadá.

Por exemplo, unha consulta sobre as bebidas azucradas na idade infantil e pedirlle ao Goberno que evite incluír estas bebidas nos menús do comedor de estudantes.



Actividade

Pensa temas interesantes para facer unha consulta cidadá.
Fai unha listaxe de temas cos teus compañeiros e compañeiras
e escollede entre todos 3 temas fundamentais.

Para exercer a participación no deseño de servizos públicos,
o Goberno pídelle a opinión e a experiencia de persoas usuarias
destes servizos públicos.

Estes usuarios poden ser estudantes dun instituto, persoas enfermas
nun centro de saúde, ou deportistas nun polideportivo municipal.

Por exemplo, se un concello abre un proceso de consulta
cos veciños dun barrio para melloralo,
nunha destas reunións pode intervir unha asociación de empresarios
para expresar a necesidade de mellorar a accesibilidade
con novas infraestruturas viarias.



A participación no Consello Escolar do Estado

O Consello Escolar do Estado é o órgano de participación dos sectores máis estreitamente relacionados co mundo educativo. Cada ano aproba o Informe sobre o estado do Sistema Educativo, onde se inclúen as propostas de mellora da educación.

No contexto actual, a participación cidadá pode ser moi potente con Internet e as redes dixitais.

É fundamental aproveitar os avances da tecnoloxía.

Algúns concellos permítenlle aos habitantes dun municipio decidir sobre aspectos como: como gastar os diñeiros, como renomear unha rúa ou que opción escoller para rehabilitar unha praza pública. Nestes casos pódese participar desde o instituto ou desde a casa, e a calquera hora do día!



GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL

CONSEJO ESCOLAR DEL ESTADO

[Inicio](#) [Noticias](#) [Organización](#) [Actuaciones](#) [Publicaciones](#) [Buscando la convergencia](#)

Webinars de «Buscando la convergencia. Conversaciones en el CEE»

- Autonomía, liderazgo y participación en los centros educativos
- Participación y autonomía de los centros
- Redescubriendo la FP. Educar para el futuro
- La educación del siglo XXI
- Educación emocional
- Participación educativa

Consejo Escolar del Estado

El Consejo Escolar del Estado es el órgano de participación de los sectores más directamente relacionados con el mundo educativo. Se crea con la Ley Orgánica reguladora del derecho a la educación en 1985. Su ámbito se extiende a todo el Estado. El Consejo desarrolla también una labor consultiva, de asesoramiento y propuesta al Gobierno en relación con los distintos aspectos del sistema educativo.

Sus integrantes dictaminan los proyectos de normas en materia educativa, que tengan que ser aprobados por el Parlamento, el Gobierno o por el titular del Ministerio de Educación. Asimismo, aprueba para cada curso escolar el Informe sobre el estado del sistema educativo, donde se incluyen las propuestas de mejora de la educación que alcancen el respaldo de sus miembros. Por otra parte, el Consejo Escolar del Estado integra la participación territorial de los diferentes Consejos Escolares Autonómicos a través de la Junta de Participación, compuesta por los respectivos presidentes y presidida por la presidenta del Consejo Escolar del Estado.

Comunicado de la Comisión Permanente del Consejo Escolar del Estado sobre la incidencia de la COVID-19 en el sistema educativo

La Comisión Permanente del Consejo Escolar del Estado ha elaborado un comunicado sobre la incidencia que está teniendo la pandemia provocada por la COVID-19 en el sistema educativo español. En el documento se realizan una serie de propuestas que se agrupan en torno a la presencialidad, las medidas higiénico-sanitarias, la conciliación, la igualdad de oportunidades, la organización de los profesionales de la educación y el esfuerzo e inversión.

[Documento del Comunicado](#)

«Informe 2021 sobre el estado del sistema educativo. Curso 2019-2020»

Último informe sobre el estado del sistema educativo

[Informe 2021 sobre el estado del sistema educativo](#)

Participación Educativa (Segunda época)

- Número 11: Retos de la educación en un curso escolar diferente
- Número 10: Innovación, profesorado y centros
- Número 9: Participación y mejora educativa. Agenda 2030
- Número 8: Participación, educación emocional y convivencia

Actividade

Moitos concellos españois desenvolven plataformas especializadas en Internet para a participación cidadá, como é o caso de Sevilla (portal especializado Decide Sevilla) <https://www.sevilla.org/decidesevilla/> e Madrid (Decide Madrid). <https://decide.madrid.es/>

Entra e identifica sobre que tema exerce a cidadanía e que oportunidades ofrecen para a cidadanía. Fai unha listaxe e coméntaa cos teus compañeiro e compañeiras.

decide sevilla

Decide Sevilla

DECIDE SEVILLA es la nueva plataforma de participación ciudadana impulsada por el Ayuntamiento de Sevilla dirigida a todas las personas mayores de 16 años empadronadas en la ciudad.

A través de este nuevo servicio telemático se someterán propuestas a votación, se plantearán debates para escuchar la opinión de la ciudadanía y se facilitará que todas las personas empadronadas puedan presentar iniciativas que serán analizadas por el gobierno o sometidas a un proceso de participación más amplio.

En Sevilla, TÚ DECIDES.

Consultas
Acceder »

Y tú, ¿qué opinas?
Acceder »

